



REGULAMENTO DO CLUB DE DEBATE

2019

Club de Debate

Introdución	páx. 3
Regulamento	páx. 4
1. Contido e obxecto	páx. 4
2. Organización	páx. 4
3. Participación	páx. 4
3.1. Inscripción dos centros de ensino	páx. 4
3.2. Equipos	páx. 5
4. Imaxe	páx. 5
5. Fases da competición	páx. 5
5.1. Fases clasificatorias	páx. 5
5.2. Fase final	páx. 6
6. Xornada de formación	páx. 6
7. Idioma	páx. 6
8. Temas de debate	páx. 6
9. Sala de debate	páx. 6
10. Xurado	páx. 7
11. Comité de competición	páx. 7
12. Debates	páx. 7
13. Sistema de competición e puntuación	páx. 8
14. Faltas e sancións	páx. 10
14.1. Avisos	páx. 10
14.2. Faltas leves	páx. 10
14.3. Faltas graves	páx. 10
14.4. Faltas moi graves	páx. 10
15. Orde de puntuación e desempate	páx. 11
16. Retirada ou expulsión dun equipo	páx. 11
17. Obxeccións e reclamacións	páx. 12
18. Premios	páx. 12

INTRODUCCIÓN

O Club de Debate é un proxecto para dinamización lingüística entre a mocidade organizado desde varios concellos. Ten como finalidades contribuír ao uso oral do galego entre a mocidade e ofrecer recursos para a práctica de habilidades comunicativas e de relación interpersoal á vez que promove a reflexión e o intercambio de opinións.

O Club de Debate está dirixido fundamentalmente aos centros de ensino secundario dos concellos que organizan a actividade e conta, para o seu desenvolvemento, coa colaboración do profesorado e dos equipos de normalización lingüística.

Os obxectivos do proxecto e o seu desenvolvemento fan do Club de Debate un punto de encontro, unha oportunidade para coñecer as opinións da mocidade sobre asuntos que lle afectan realmente e de desmitificar a imaxe de pasividade e falta de implicación cos problemas sociais que ás veces se lle atribúe.

Obxectivos:

- Favorecer o emprego da lingua galega entre a mocidade, especialmente os usos orais en contextos formais e informais.
- Potenciar a fluidez comunicativa ligada á oratoria.
- Promover o pensamento crítico e analítico.
- Fomentar a diversidade de opinións, a tolerancia fronte a diferentes cuestións e o traballo en equipo.

O Club de Debate pode asimilarse a unha competición deportiva no que atinxe á organización dos debates, ás fases de clasificación etc. Asemade debe reflectir espírito deportivo nos aspectos relacionados co traballo e a organización en grupo, a solidariedade, a responsabilidade, o compañeirismo etc. As persoas que participen verán tamén valoradas as súas habilidades e a súa capacidade para a argumentación, o enxeño que empreguen para defender as súas posicións e o esforzo de análise e interpretación da realidade que realicen.

REGULAMENTO

1. CONTIDO E OBXECTO

As normas que a seguir se detallan constitúen o regulamento do Club de Debate e guían esta actividade en todas as súas fases en canto á organización, desenvolvemento das sesións, procedementos de participación, constitución dos equipos, valoracións, xurados, premios etc.

Este regulamento pretende facilitar o cumprimento dos obxectivos do Club de Debate e poderá completarse coas instrucións que a organización considere pertinentes en relación cos prazos, lugares ou demais características do desenvolvemento de cada fase ou para aclarar e resolver as cuestións que poidan xurdir, sempre para o bo fin do proxecto. Estas instrucións poderán, se está xustificando, establecer algunha excepción respecto ao contido deste regulamento e comunicarse, en calquera caso, coa maior antelación posible.

2. ORGANIZACIÓN

O Club de Debate é un programa organizado por varios concellos en igualdade, a través dos respectivos servizos de normalización da lingua. Ten como base o protocolo de colaboración asinado o 9 de febreiro de 2012 e as súas addendas posteriores.

Esta organización fixa o regulamento e as normas da actividade, selecciona os temas dos debates, establece os lugares de celebración das diferentes fases e nomea o xurado.

En cada sesión do Club de Debate haberá unha persoa delegada da organización que velará polo seu desenvolvemento, recollerá as cuestións que formulen os equipos e formará parte do comité de competición do debate.

3. PARTICIPACIÓN

3.1. INSCRIPCIÓN DOS CENTROS DE ENSINO

Poden participar na actividade todos os centros de educación secundaria e ciclos, invitados polos concellos organizadores, cun ou varios equipos de alumnado matriculado en 3º da ESO, 4º da ESO, 1º de bacharelato ou nun curso equivalente de ciclos formativos.

A solicitude de participación deberán entregala ou enviala ao servizo de normalización lingüística do seu concello ou do concello que os convide e implicará o compromiso de participación nas diferentes fases da actividade. No anexo 1 deste regulamento achégase un modelo de ficha de inscrición na que, en calquera caso, deberán constar:

- Os datos do centro de ensino (nome, enderezo postal, enderezo electrónico e teléfono).
- A composición de cada equipo, co nome, apelidos, data de nacemento e curso no que estuda cada un dos alumnos e das alumnas do equipo.
- Nome, apelidos e vinculación co centro da persoa preparadora.
- A sinatura e o selo da dirección do centro que acredita que os membros do equipo están matriculados no centro.

O prazo de inscrición dos equipos determinarao a organización mais será no primeiro trimestre do curso. Posteriormente, comunicárselle a cada equipo a data do curso de formación e de cada unha das diferentes fases en que deba participar.

Non se establece limitación previa ao número de equipos que cada centro pode inscribir. Malia isto, a organización poderá fixar un máximo se a suma de solicitudes do conxunto de centros excede do

número de equipos que se admitan na fase clasificatoria. Neste caso, será o seu centro de procedencia o encargado de seleccionar que equipo ou equipos se manteñen na competición.

3.2 EQUIPOS

Cada equipo estará formado por un mínimo de catro membros e un máximo de dez, de alumnado dos cursos incluídos na actividade (3º e 4º da ESO e 1º de BAC ou equivalente), que non teña feitos os 18 anos no momento da inscrición, e por unha persoa preparadora. A composición dos equipos será obrigatoriamente mixta.

En cada debate serán catro as persoas que actúen directamente, dúas como oradoras e dúas como investigadoras. Formarán o “equipo de debate”, que lle deberá ser comunicado á organización antes de cada sesión presentando cuberta e asinada pola persoa preparadora a ficha correspondente. Este equipo de debate poderá ser diferente para cada un dos debates nos que participen. Os demais membros do equipo desenvolverán un labor de apoio.

A persoa preparadora actuará como guía e asesora do grupo durante os seus traballos e representará o equipo diante da organización do Club de Debate. A súa elección ou designación correspóndelle ao centro de ensino e poderá ser persoal docente en activo, PAS ou outra persoa que designe o centro. Durante a celebración dos debates deberá estar presente na sala.

No momento da inscrición indícaranse os datos de todos os membros dos equipos, coidando que estes sexan mixtos, e posteriormente só se poderán realizar cambios ata unha semana antes de cada fase de debate. Estes cambios deberanlle ser comunicados ao servizo de normalización no que se realizou a inscrición e cómpre acreditar os mesmos requisitos iniciais de matriculación, idade e curso académico. Recoméndase non mudar a persoa preparadora do equipo.

4. IMAXE

A inscrición dos equipos entenderase que autoriza a organización do Club de Debate a utilizar o seu nome e o das persoas participantes, así como a súa imaxe, na difusión desta actividade e do seu contido, salvo que expresamente e por escrito se faga constar algunha reserva ante a organización.

5. FASES DE COMPETICIÓN

O Club de Debate constará de varias fases clasificatorias de zona e dunha fase final. Os equipos inscritos deberán participar na fase clasificatoria de zona que se lles asigne. Antes da fase clasificatoria de zona poderá realizarse unha preliminar, se así o determina a organización tendo en conta o número de equipos inscritos ou as localidades participantes. O número de equipos que se clasifiquen en cada zona para a seguinte fase virá fixado pola organización tendo en conta o número de zonas en que se distribúan os equipos na competición.

5.1. FASES CLASIFICATORIAS

Os equipos inscritos participarán en dous debates cada un. As parellas de equipos para cada debate e a orde dos debates organizaranse segundo un sorteo que se efectuará con anterioridade e que se dará a coñecer con suficiente antelación. Cada equipo defenderá, nun debate, a postura a favor e, noutro, a postura en contra.

A organización poderá optar por un sistema que unicamente teña en conta a suma da puntuación obtida ao longo dos diferentes debates ou celebrar unha confrontación entre os equipos mellor valorados nesa fase para determinar cal ou cales se clasifican para a seguinte.

5.2. FASE FINAL

Na fase final participarán os equipos que obtiveran maior puntuación nas clasificatorias, no número que estableza a organización. Esta fase desenvolverase preferentemente nunha única xornada. Cada equipo participará en dous debates, segundo un sorteo previo que se dará a coñecer con antelación. Cada equipo defenderá nun debate a postura a favor e noutro a postura en contra.

O equipo gañador será o que sume máis puntos ao longo dos diferentes debates da xornada.

6. XORNADA DE FORMACIÓN

Unha vez inscritos os equipos e antes da primeira fase de clasificación organizarase unha xornada de formación na que terá que participar, cando menos, algún membro de cada equipo. O obxectivo desta xornada será orientar a práctica das habilidades comunicativas co fin de activar, motivar e ofrecer recursos para mellorar as intervencións públicas orais en lingua galega.

7. IDIOMA

O idioma da actividade será o galego. A organización promoverá espazos que favorezan o uso do galego fóra dos momentos do debate. Os equipos terán en conta en todo momento que están a participar nunha actividade de normalización lingüística e especialmente durante os debates atenderán á calidade da lingua, xa que será un dos elementos de especial relevancia para o xurado.

8. TEMAS DE DEBATE

Os debates sempre versarán sobre temas controvertidos e de actualidade. Consistirán nunha pregunta ou afirmación que dea lugar a posturas opostas, cada unha das cales será defendida por un equipo. A organización elixirá os temas e estes faranse públicos coa suficiente antelación.

As fases clasificatorias terán un tema específico, coincidente entre elas ou non, para cuxa fixación, os concellos organizadores terán en conta a colaboración dos centros inscritos na actividade.

O tema para a fase final será acordado pola organización e estará ligado, preferentemente, coa normalización da lingua galega.

9. SALA DE DEBATE

Os debates realizaranse en salas convenientemente dotadas para a disposición dos equipos, do xurado e do público. Nelas haberá un estrado, escenario ou espazo similar, no que, en cadanseu lado se coloquen os equipos –diferenciando o equipo de debate do resto dos membros- e no centro o atril para a persoa que interveña como orador ou oradora. Desde a posición do atril poderán verse os dous equipos participantes e tamén un dos reloxos nos que se sinale o tempo das intervencións. O resto das persoas presentes na sala, e nomeadamente os equipos que estean intervindo e o xurado, poderán seguir tamén o tempo que utilizan os oradores a través de, cando menos, outro reloxo. O xurado terá un espazo reservado desde o que poida ver o atril, os elementos de apoio que utilicen os equipos para a súa exposición e tamén, na medida do posible, os equipos completos.

Procurarse manter un ambiente adecuado aos debates dentro da sala polo que se eliminará calquera publicidade non autorizada pola organización e se evitará o ruído que poida producirse ao entrar e saír durante as intervencións dos oradores e oradoras.

10. XURADO

Os debates serán avaliados por un xurado de cinco membros que emitirán puntuacións individualizadas de cada un dos equipos e por cada un dos ítems da valoración, sen prexuízo das deliberacións conxuntas que manteñan para unha maior uniformidade na interpretación dos criterios.

A composición do xurado será determinada pola organización de cada zona, para as fases de clasificación, e polo conxunto dos concellos participantes para a final. Darase a coñecer con anterioridade aos debates e na designación dos membros terase en conta a súa experiencia e formación en cuestións relacionadas coa docencia, a comunicación e a lingua.

O xurado terá unha presidencia, encargada de que se cumpra o regulamento, de recoller as observacións que se formulen ao respecto e de guiar o desenvolvemento dos debates: presentará os equipos, moderará as sesións, dará os avisos e comunicará as decisións que adopte o xurado respecto a puntualizacións, penalizacións etc. Tamén será a persoa encargada de coordinar a actuación dos xuíces e xuízas, resolverá as cuestións respecto ao funcionamento deste órgano sobre as que non se chegue a acordo e formará parte do comité de competición.

11. COMITÉ DE COMPETICIÓN

En cada debate formarase un comité de competición composto pola persoa delegada da organización, presidencia do xurado e unha persoa representante dos concellos participantes. Terá como funcións resolver as reclamacións dos equipos, aplicar as sancións que propoña o xurado e interpretar o regulamento en caso de dúbida. As súas decisións serán inapelables.

12. DEBATES

En cada debate participarán dous dos equipos incluídos nesa fase para defenderen cadansúa postura, asignada previamente de xeito aleatorio: a favor e en contra. Diferenciarase o equipo de debate, formado por catro membros elixidos previamente, dous como oradores e dous como investigadores, e o resto do equipo de apoio.

A persoa preparadora estará tamén presente na sala, no espazo reservado para o público, mais non poderá intervir nin comunicarse co equipo durante o transcurso do debate.

Antes de empezar cada debate, a persoa preparadora entregalle á presidencia do xurado ou á organización a folla de composición do equipo de debate, especificando os nomes e función de cada un dos membros: as dúas persoas oradoras e as dúas persoas investigadoras. Estas follas xuntaranse ás actas do debate. Esta composición poderá variar dun debate a outro, polo que será obrigatorio entregar unha folla cuberta por cada un. O equipo que interveña cunha distribución de funcións diferente da notificada poderá ser penalizado cunha falta moi grave.

As intervencións dos oradores irán distribuíndose nas quendas de exposición inicial, refutacións e conclusións e será obrigatorio que participen as dúas persoas oradoras, na orde que prefiran pero garantindo que cada unha delas realice dúas das catro intervencións do equipo.

O papel dos equipos, a través dos seus oradores e co apoio dos demais membros, será argumentar para defender teses a favor ou en contra do tema proposto, non ler nin reproducir discursos escritos previamente e rebater as teses e os argumentos que formule o equipo co que están competindo. O equipo de apoio poderá comunicarse por escrito cos membros do equipo de debate, sen entorpecer a marcha normal das intervencións nin molestar as persoas oradoras.

Nos debates, os equipos participantes defenderán posturas opostas: un equipo defenderá a postura a favor e o outro a postura en contra. A postura que deberá adoptar cada equipo decidírase por sorteo de maneira que todos os equipos defendan as dúas, unha en cada debate, procurando ofrecer en cada caso os argumentos máis acaídos e desmontar as teses que expoña o equipo contrario cos retruques necesarios, de xeito que se produza un verdadeiro debate e non unha simple exposición de argumentos a favor ou en contra do tema proposto.

A postura a favor será a que comece o debate. As quendas de participación dos equipos durante os debates seguirán esta orde:

- AF (A favor) Exposición inicial: 5 minutos
- EC (En contra) Exposición inicial: 5 minutos
- AF Refutación: 5 minutos
- EC Refutación: 5 minutos
- AF Refutación: 5 minutos
- EC Refutación: 5 minutos.
- EC Conclusións: 3 minutos
- AF Conclusións: 3 minutos.

O tempo indicado é o máximo que se pode utilizar en cada intervención pero non será imprescindible esgotalo. A duración total máxima de cada debate será 36 minutos.

Os membros do equipo de debate retrucante, oradores ou investigadores, poderán interpelar a persoa que estea no uso da palabra para facer preguntas, observacións ou comentarios. Para iso deberá erguer a man unicamente quen vaia preguntar e agardar a autorización da persoa que está intervindo, coa única excepción de precisar facer unha breve puntualización á resposta que o/a orador/a estea a dar á pregunta formulada previamente; de ser o caso o xurado valorará se é unha puntualización acaída e respectuosa co/a contrario/a ou se simplemente hai afán de interromper a persoa oradora. Estas interpelacións só poderán facerse nas quendas de refutación, non nas exposicións iniciais nin nas conclusións nin tampouco no último minuto da intervención do/a refutador/a, denominado “minuto protexido”. Cada interpelación non poderá durar máis de quince segundos. A persoa oradora–refutadora contará con liberdade para conceder a palabra e para responder ou non, malia que o xurado terá en conta tanto a oportunidade da pregunta como a xestión da resposta. O cronómetro non se parará, así que, tanto a interpelación como a resposta contarán como tempo de intervención do/a orador/a.

Durante as intervencións, os equipos poderán apoiar as súas exposicións co material que consideren acaído. Este material deberá axustarse ás dispoñibilidades da sala, que serán comunicadas con antelación. O tempo utilizado no manexo deste material ilustrativo ou de apoio –presentacións, imaxes, gráficos, proxeccións, vídeos, ou calquera outro elemento- contará como tempo de intervención. Poderán utilizar dispositivos móbiles sempre que non estean conectados á rede. O xurado valorará este material de apoio en función da súa pertinencia ou adecuación ao tema e ás teses que se defenden.

Asemade, as persoas oradoras poderán recibir apoio do resto do equipo en forma de notas que os compoñentes lles acheguen ao atril. Nin o xurado nin o público asistente poderá facilitar información aos equipos que estean intervindo durante o debate.

Os equipos deben poder demostrar as fontes dos datos utilizados na súa exposición. Se un equipo dubida da veracidade ou da orixe dun dato que presente o equipo contrario, deberá erguer a man ao rematar a quenda de intervención e solicitar a súa verificación. O equipo que incluíu o dato deberá presentar as probas da súa autenticidade ao final do debate e, se non logra esta demostración polos seus propios medios, o xurado poderá considerar o dato como falso e aplicar a sanción correspondente.

13. SISTEMA DE COMPETIÇÃO E PUNTUACIÓN

Cada xuíz ou xuíza deberá avaliar todos os criterios e recoller a puntuación individualizada e conxunta de cada equipo no formulario que se poñerá ao seu dispor e que se xuntará á acta do debate.

Os criterios para a valoración serán:

1. **Capacidade de convicción dos seus posicionamentos:** capacidade de crear confianza e entusiasmo e de convencer o auditorio das ideas, argumentos e posicionamentos defendidos durante o debate.
2. **Calidade, orixinalidade e pertinencia na argumentación sobre o tema proposto e na refutación das teses do equipo contrario:** adecuación ao tema do debate con argumentos de calidade e orixinais, con preparación axeitada, estudo do tema, rigor, razoamentos lóxicos, manexo axeitado de evidencias e datos etc.
3. **Capacidade para provocar que se preste atención:** uso de comparacións, metáforas, exemplos, capacidade de síntese, ton axeitado, ritmo que permita o seguimento, capacidade para dirixirse ás persoas que escoitan e de facer que estas sigan as intervencións, conexión co auditorio por medio da mirada etc.
4. **Seguridade e manexo da situación, dos tempos e do espazo:** contundencia e seguridade persoal, con control das situacións, das olladas e do espazo e adecuación aos tempos. Xestión das solicitudes de intervención do equipo contrario.
5. **Capacidade de improvisación, de interacción co equipo contrario e soltura nas intervencións:** soltura nas exposicións, capacidade de resposta ás interpelacións, frescura nas intervencións, improvisación etc. Interacción real co equipo contrario, capacidade para refutar os argumentos expostos e de rebater as teses do outro equipo.
6. **Capacidade de oratoria e linguaxe variada e apropiada:** expresividade e calidade do discurso, construcións adecuadas e léxico variado, correcto e utilizado axeitadamente. Valorarase positivamente a oralidade e negativamente a lectura do discurso escrito.
7. **Calidade lingüística:** corrección e calidade no uso do galego (fonética, sintáctica, morfolóxica, etc.). Valorarase positivamente a espontaneidade (e corrección) da oralidade fronte á lectura do discurso escrito.
8. **Comunicación non verbal axeitada:** manexo do corpo, uso das mans e xestos faciais axeitados para comunicar de maneira máis eficiente, con especial atención ao contacto mantido co auditorio a través da ollada.
9. **Uso eficaz de material de apoio:** utilización apropiada e pertinente das imaxes, gráficos, proxeccións etc., ou dos materiais ou elementos ilustrativos, que axuden a aclarar e visualizar mellor as ideas e argumentacións e provoquen un mellor seguimento das intervencións.
10. **Funcionamento como equipo, coordinación e actitude:** coordinación de todo o equipo, con coherencia nas intervencións, funcionamento conxunto e coordinado, sincronización e actitude positiva.

O xurado deberá ter en conta que a actividade busca potenciar o debate de teses, non a lectura nin a reprodución de discursos escritos. Isto reflectirase especialmente na valoración das epígrafes 3, 4, 5, 6, 7 e 8.

Cada membro do xurado, logo das deliberacións que consideren, emitirá unha puntuación para cada epígrafe, do 0 ao 5, e para cada un dos equipos do debate. Unha vez rematado o debate, sumaranse as

puntuacións de cada xuíz e xuíza e restaranse as que procedan de sancións, para obter así a puntuación de cada equipo. Proclamarase equipo gañador do debate aquel que obteña maior puntuación na suma dos outorgados. Así mesmo, deberá determinar cal foi o equipo que globalmente defendeu con maior solvencia a súa posición atendendo á puntuación obtida no epígrafe 2 dos criterios de valoración. O veredicto farase público ao remate da xornada.

14. FALTAS E SANCIÓN

Consideraranse incumprimentos sancionables os que se indican a seguir, clasificados segundo a súa gravidade:

14.1. Avisos

Considéranse obxecto de aviso os seguintes comportamentos:

- Estender a intervención máis de dez segundos logo de rematado o tempo.
- Interromper a persoa que intervén do equipo contrario sen que esta dera permiso para facelo.
- Prolongar máis de quince segundos as interpelacións.
- Solicitar a palabra para formular preguntas durante o minuto protexido.

A presidencia do xurado fará unha advertencia oral ao rematar a quenda de intervención cada vez que se produza algún destes incumprimentos. Tamén os fará constar na acta.

14.2. Faltas leves

Consideraranse faltas leves as seguintes:

- Acumular dous avisos.
- Chegar tarde ao debate ata un máximo de cinco minutos.
- Achegar algún dato ou cita falsos ou non verificables.

As faltas leves sancionaranse restando 10 puntos na puntuación obtida polo equipo no debate en que se produzan.

14.3. Faltas graves

Consideraranse faltas graves as que seguen:

- Acumular dúas faltas leves nun debate.
- Realizar máis de dúas intervencións por parte da mesma persoa oradora nun debate.
- Chegar entre 5 e 10 minutos tarde ao debate. Se se supera este tempo considerarase que o equipo non se presentou e se retira da competición.
- Buscar apoio do exterior do equipo durante as intervencións a través de mensaxes ou outro tipo de comunicacións.

As faltas graves sancionaranse co desconto de 25 puntos na valoración do debate.

14.4. Faltas moi graves

Entenderanse como faltas moi graves:

- Sumar dúas faltas graves nun debate.
- Amosar unha actitude de ofensa ou falta de respecto polo equipo contrincante, polo xurado ou polo público.
- Poñer en práctica algún comportamento non adecuado (presións, insultos, discriminacións...) ou incluílo no discurso, tanto dirixido a unha persoa como a grupos sociais, raciais, relixiosos etc.
- Intervir cun equipo diferente do que se lle notificou ao xurado.

As faltas moi graves implicarán a perda de toda a puntuación do debate en que se produzan e que este se valore con 0 puntos.

As sancións deberán quedar reflectidas nas actas correspondentes.

As observacións da presidencia do xurado sobre o desenvolvemento da actividade non se considerarán sancións salvo que así o explicita.

Dentro do seu labor de dirixir os debates, a presidencia do xurado terá a potestade de expulsar a calquera acompañante do equipo ou persoa do público se observa un comportamento inadecuado durante as sesións.

O comité de competición estudará os incidentes que poidan producirse durante os debates, así como os casos en que se acumulen as penalizacións, e poderá acordar a descualificación dun equipo ou dalgún dos seus membros e a súa expulsión se o considera xustificado. As súas decisións deberán ser acatadas polas persoas implicadas.

15. ORDE DE PUNTUACIÓN E DESEMPATE

Rematados os debates e unha vez emitidas as puntuacións, o xurado recollerá na acta da sesión a orde de puntuación dos equipos.

Esta orde de puntuación determinará o/s equipo/s clasificado/s ou gañador/es tendo en conta tamén o previsto no artigo 4 sobre o número de equipos que poden clasificarse e no artigo 8.1 acerca da posibilidade de celebrar unha confrontación entre os dous mellor valorados.

En caso de que as puntuacións globais de dous equipos sexan iguais, atenderase aos seguintes criterios para o desempate, pola orde en que se indican:

- 1º Maior número de debates gañados.
- 2º Resultado do enfrontamento directo.
- 3º Maior puntuación na epígrafe 2 “calidade, orixinalidade e pertinencia na argumentación sobre o tema proposto”.
- 4º De non resolverse con ningún dos criterios anteriores outorgarase o premio *ex aequo*.

En caso de empate entre máis de dous equipos, atenderase aos seguintes criterios:

- 1º Maior número de debates gañados.
- 2º Resultado do enfrontamento directo.
- 3º Diferenza de epígrafes favorables.
- 4º Maior puntuación na epígrafe 2 “calidade, orixinalidade e pertinencia na argumentación sobre o tema proposto”.
- 5º Menor número de faltas graves.
- 6º Menor número de faltas leves.
- 7º De non resolverse con ningún dos criterios anteriores, outorgarase o premio *ex aequo*.

16. RETIRADA OU EXPULSIÓN DUN EQUIPO

Se un equipo non participa nalgún dos debates que lle corresponden quedará descualificado.

Cando esta retirada se produza antes de comezar os debates, reorganizarse a xornada eliminando un debate do horario previsto e reasignando as parellas.

Se o equipo se retira despois do seu primeiro debate e non é posible reorganizar a xornada para garantir que todo os demais equipos participen en dúas confrontacións, na valoración final terase en

conta unicamente un deles, aquel no que obtiveran a puntuación máis alta. Porén, sempre que sexa posible, optarase pola reorganización do horario de debates para garantir maior igualdade de condicións.

17. OBXECCÍONS E RECLAMACÍONS

Obxeccións

Se un equipo observa que o equipo contrario cometeu algunha infracción poderá comunicarllo ao xurado por medio da súa persoa preparadora ao rematar o debate e antes de transcorridos dez minutos.

O xurado informará á persoa preparadora do equipo contrario e decidirá se considera ou non a obxección formulada que, en calquera caso, quedará recollida na acta xunto cos motivos de que fose ou non aceptada.

Reclamacións

Ata unha hora despois de rematado o debate, os equipos poderán formular reclamacións formais ante o comité de competición se consideran que non se respectou o regulamento da actividade. Será necesario indicar os apartados que foron vulnerados.

Non se aceptarán impugnacións ao veredicto dos xuíces se se respectou o regulamento da actividade.

18. PREMIOS

Establécense os seguintes premios:

Primeiro clasificado na fase de zona: premio por valor de 500 euros.

Segundo clasificado na fase de zona: premio por valor de 300 euros.

Gañador da fase final: viaxe multiaventura dunha fin de semana para un máximo de 20 persoas, con contidos culturais relacionados cos obxectivos da actividade.